EXPTE	POXA PARA A CONCESIÓN DE POSTOS NA PLANTA BAIXA DO MERCADO MUNICIPAL DA RÚA SERRA
PROCEDEMENTO	Libre concorrencia. Poxa
TRÁMITE	Pregos de cláusulas da concesión

INDICE

CAP I. ELEMENTOS DA CONCESIÓN

1.- OBXECTO
2.- DESTINO DOS POSTOS
3.- TAXAS (CANONS) E DEMAIS TRIBUTOS
4.- CAPACIDADE, LIMITACIÓNS E REQUISITOS PARA SER TITULAR DE CONCESIÓNS.

CAP II. LICITACIÓN

5.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA
6. -INFORMACIÓN PÚBLICA DOS PREGOS E PROXECTO DE CONCESIÓN.
7.- OBTENCIÓN INFORMACIÓN
8.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. LUGAR E PRAZO.
9.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. DOCUMENTACIÓN.
10.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.
11.- MESA DE LICITACIÓN
12.-APERTURA, CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

CAP. III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

13.- DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POLAS PERSOAS PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN
14.- OUTORGAMENTO DAS CONCESIÓNS
15.- GASTOS A CARGOS DOS/AS CONCESIONARIOS/AS
16.- FORMALIZACIÓN DAS CONCESIÓNS.

CAP. IV. RÉXIME DA CONCESIÓN. DESENVOLVEMENTO E EXTINCIÓN

17.- DURACIÓN.
18.- TRANSMISIÓN.
19.- DEREITOS DOS/AS CONCESIONARIOS/AS.
20.- OBRIGAS DOS/AS CONCESIONARIOS/AS
21.- OBRIGAS E POTESTADES MUNICIPAIS. MODIFICACIÓNS.
22.- CONDICIÓNS, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DOS POSTOS. OBRAS.
23.- RÉXIME SANCIONADOR.
24.- EXTINCIÓN.

CAP. V. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

25.- RÉXIME XURÍDICO.
26.- XURISDICIÓN COMPETENTE.

ANEXO I

PLANO DA PLANTA BAIXA DO MERCADO IDENTIFICANDO NÚMERO DE POSTOS E SUPERFICIE.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

1 CAP.I. ELEMENTOS DA CONCESIÓN

1. OBXECTO.

1. O obxecto dos presentes pregos é regular o procedemento para a licitación publica da concesión demanial para o uso privativo dos postos vacantes, instalacións fixas, na planta baixa do mercado municipal da Avda. de Bos Aires.
Estes pregos cos documentos que se refiren, sinala as condicións conforme vanse exercer as referidas concesións.

2 . Postos que se licitan:

TIPO DE POSTO	NÚMERO	m2	DESTINO
CASETA INTERIOR	1B	4,94	CARNE
CASETA INTERIOR	2B	4,89	CARNE
CASETA INTERIOR	11B	7,49	CARNE
CASETA INTERIOR	12B	7,45	CARNE
CASETA INTERIOR	14A	9,49	CARNE
CASETA INTERIOR	16	7,76	CARNE
CASETA EXTERIOR	10-12	10,56	CONFECCIÓN
CASETA EXTERIOR	18	5,13	PRENSA
BANCADAS	3 -5	2,30	PEIXE
BANCADAS	10-12-14	3,45	PEIXE
BANCADAS	17-19	2,30	PEIXE
BANCADAS	21-23	2,30	PEIXE
BANCADA	28	1,15	PEIXE
BANCADAS	36-38	2,30	PEIXE
BANCADA	54	1,15	PEIXE
BANCADAS	60	1,15	PEIXE
BANCADAS	62	1,15	PEIXE
BANCADAS	75-77	2,30	PEIXE
BANCADA	83	1,15	PEIXE
BANCADAS	86-88	2,30	PEIXE
BANCADA	98	1,15	PEIXE

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

BANCADAS	103-105	2,30	PEIXE
BANCADAS	106-108	2,30	PEIXE
BANCADA	111	1,15	PEIXE
BANCADAS	117-119	2,30	PEIXE
BANCADA	121	1,15	PEIXE
BANCADAS	125-127	2,30	PEIXE
BANCADAS	132-134	2,30	PEIXE
BANCADA	136	1,15	PEIXE
BANCADA	141	1,15	PEIXE
BANCADA	145	1,15	PEIXE
BANCADAS	146-148	2,30	PEIXE
BANCADA	147	1,15	PEIXE
BANCADAS	149-151	2,30	PEIXE
BANCADAS	150-152	2,30	PEIXE
BANCADAS	153-155	2,30	PEIXE
BANCADA	154	1,15	PEIXE
BANCADAS	157-159	2,30	PEIXE
BANCADAS	161-163-165	3,45	PEIXE
BANCADA	167	1,15	PEIXE
BANCADAS	F-12	1	FROITA
BANCADA	F-14	1	FROITA
BANCADA	F-16	1	FROITA

2. DESTINO DOS POSTOS.

1. Os postos obxecto destas concesións só se poden adicar aos destinos sinalados no artigo anterior para cada un destes.
Non obstante o anterior, durante a vixencia das concesións serán posibles os cambios de destino destas sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que se solicite de forma debidamente motivada por parte do titular da concesión.
- Que se cumpran as limitacións e condicións sinaladas na normativa aplicable, entre as que figuran as sinaladas no Regulamento dos mercados Municipais de Abastos.
- Que a nova actividade estea pouco representada no mercado, sexa demandada polos consumidores e usuarios, e a mesma resulte compatible coa actividade dos postos próximos.
- Que se autorice polo Concello de forma expresa, que a pode outorgar de forma discrecional; a autorización do alcalde requerirá previo informe do administrador de mercado, oídas as asociacións de usuarios existentes para cada Mercado. En todo caso, no posible outorgamento da autorización ademais da normativa aplicable, o Concello terá en conta os distintos destinos existentes no mercado, as condicións que rexeron a licitación e adxudicación dos postos, a necesidade de harmonizar os destinos por zonas no mercado e outros aspectos de interese público que estime convenientes e necesarios.

2. Para o acondicionamento dos postos débese obter ou efectuar as oportunas licenzas, declaracións responsables, ou comunicacións previas de conformidade coa normativa aplicable. É responsabilidade dos concesionarios a obtención de tales concesións ou realizacións de tales trámites.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

3. TAXAS (CANONS) E DEMAIS TRIBUTOS.

1. Os que resulten concesionarios deberán satisfacer as taxas (canons) correspondentes melloradas á alza segundo as súas propostas. Estas taxas réxense polo establecido na ordenanza fiscal 16 reguladora da taxa pola prestación de servizos e mais pola utilización privativa ou aproveitamento especial nos mercados municipais. Segundo a mesma, as cotas tributarias das taxas pola prestación de servizos no mercado municipal, nos casos en que se empreguen procedementos de licitación pública, virán determinadas polo valor económico das proposicións sobre as que recaian as concesións. O valor económico destas proposicións nunca poden ser inferiores aos fixados neste artigo, como taxas mínimas a pagar polas utilizacións ou aproveitamentos especiais do dominio público, que se corresponden coas determinadas no Anexo da ordenanza fiscal citada.

O importe das taxas a pagar esta fixado polo prazo total de concesión, 25 anos.

Os canons mínimos que se deben ofertar polos licitadores por cada número de posto, segundo o seu tipo, serán os seguintes:

POSTO	CANON BASE A 25 ANOS
BANCADA PEIXE	3.872,07
BANCADA FROITA	3.872,02
CASETA INTERIOR	9.680,16
CASETA INTERIOR B	10.454,58
CASETA INTERIOR A	13.552,23
CASETA EXTERIOR	8.131.34

As ofertas que se formulen por debaixo destes mínimos serán rexeitadas e os licitadores excluídos deste procedemento de licitación.

Todos os solicitantes que estén propostos para ser beneficiarios das concesións, dentro do prazo sinalado no artigo 12 deste prego, están obrigados a presentar autoliquidación e realizar o pagamento do canon ofertado. Os importes a autoliquidar serán os ofertados no presente procedemento de licitación correspondentes a 25 anos de duración da concesión.

Non existe ningún modelo de autoliquidación específico e auto enchible, aprobado para esta concreta tarifa da taxa, existindo sempre a opción do formulario xenérico que os obrigados tributarios (ou representantes debidamente acreditados) poden solicitar (autoliquidación das chamadas “asistidas”), sexa presencialmente nas oficinas do Servizo de Xestión Tributaria e outros ingresos de dereito público ou no enderezo de correo electrónico xestiontributaria@pontevedra.eu (método preferible).

2. Independentemente do pago do canon mínimo os adxudicatarios deberán satisfacer mensualmente, durante a vixencia da concesión, as taxas de servizo establecidas na referida ordenanza *fiscal 16 reguladora da taxa póla prestación de servizos nos mercados municipais,* ou a que substituía e pola contía e de conformidade coa periodicidade e demais condicións en cada momento vixente.
As tarifas actualmente aplicables para cada número de posto son as seguintes:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

TIPO DE POSTO DA PLANTA BAIXA	SERVIZO MES
BANCADA PEIXE	38,03
BANCADA FROITA	40,81
CASETA INTERIOR	55,86
CASETA INTERIOR B	60,33
CASETA INTERIOR A	78,20
CASETA EXTERIOR	46,92

Así mesmo, correrán por conta de cada concesionario os tributos relativos ao exercicio de cada actividade, os que graven a constitución destas concesións, os de formalización pública dos títulos das concesións e demais derivados das propias concesións.

Os concesionarios, ao marxe dos tributos e taxas anteriores, deberán asumir os tributos, ingresos ou gastos que deban satisfacerse conforme estes pregos e demais normativa de aplicación.

4.- CAPACIDADE, LIMITACIÓNS E REQUISITOS PARA SER TITULAR DE CONCESIÓNS.

Están capacitados para presentar proposicións neste procedemento de outorgamento de concesións as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, cando teñan plena capacidade de obrar e non estén afectos por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 71 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) como prohibitivas para contratar e dispoñan da solvencia económica e técnica e cumpran cos requisitos que se establecen neste prego.

A **solvencia económica, técnica e profesional** do empresario que se esixe para poder participar neste procedemento acreditarase de conformidade cos seguintes medios, criterios de selección e mediante as seguintes formas e documentación:

- Solvencia económica:

a. Medio:

A solvencia económica acreditarase a través do volume anual de negocios.

b. Criterio de selección:

Entenderase cumprida a solvencia cando o volume anual de negocios do licitador, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, sexa igual ou superior a unha vez e media o importe anual do canon das concesións polas que se presente a oferta.

c. Documentación e forma de acreditación:

Este volume anual acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

-Solvencia técnica:

a. Medio:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúan importes, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos, así como certificados acreditativos destes.
- Unha relación das persoas que se van destinar a execución das concesións.

b. Criterios de selección:

En relación ao medio da relación dos principais servizos ou traballos realizados o licitador deberá ter realizado servizo ou traballo relacionado coa hostalería cunha duración ininterrompida de seis meses e de características similares ou superiores aos dos servizos obxecto de licitación.
En relación ao medio de persoas que se van destinar a execución das concesións, deberá destinarse unha persoa a execución de cada unha das concesións que conte co carnet de manipulador de alimentos.

c. Documentación e forma de acreditación:

A experiencia en prestación de servizos ou traballos realizados coa hostelería acreditarase a través de certificados expedidos polo titular da hostelería xestionado ou explotado que demostren o cumprimento dos extremos necesarios para cumprir o criterio de selección.
E en relación as persoas que se van destinar a execución das concesións, deberá acreditarse mediante fotocopia simple do carne de manipulador de alimentos debidamente actualizado e en vigor.

De conformidade co artigo 23.4 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, non poden participar neste procedemento de concesión aquelas persoas ás que se lle fora revogada ou anulada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves.

As concesións dos postos non poden adxudicarse de forma conxunta a dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas, segundo se establece no artigo 23.2 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos.

Por outra banda, co fin de evitar especulacións cos bens municipais e facilitar que a maioría de persoas poidan ser titulares de concesións, terase en conta o disposto no artigo 23.3 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, ningún concesionario/a poderá ser titular, directa ou indirectamente, de máis de 3 casetas ou de 10 bancadas.
As limitacións expostas nos parágrafos anteriores supoñen que os actuais titulares das concesións con bancadas ou casetas no Mercado Municipal da Rúa Serra estarán afectados por esta limitación no momento de facer a solicitude, de tal xeito que dentro do cómputo máximo se terán en conta as casetas e bancadas dos que son titulares anteriormente a esta licitación, polo que so se lles poderán adxudicar como máximo o número de bancadas ou casetas que lle resten ata acadar o cupo máximo de 3 casetas ou de 10 bancadas.

CAP II. LICITACIÓN

5. GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

Garantía Provisional: Non se esixe.

Garantía Definitiva: 3% do valor do dominio público obxecto da ocupación.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

		Garantía 3 %	25 anos
Tipo	A	386,14 €	12.871,44 €
Tipo	B	209,61 €	6.987,19 €
Posto	interior	275,79 €	9.193,09 €
Posto	interior B	297,85 €	9.928,40 €
Posto	exterior	231,67 €	7.722,49 €
Posto	exterior B	209,61 €	6.987,19 €
BANCADAS			
Pranta	baixa	110,35	3.678,34 €
Pranta	alta	55,14	1.838,25 €
Postos	flores	110,35	3.678,34 €

Esta garantía será devolta ao adxudicatario unha vez finalizada a concesión e verificada a conformidade das instalacións e previa tramitación do correspondente expediente.

6. INFORMACIÓN PÚBLICA DOS PREGOS E PROXECTO DE CONCESIÓN.

Para maior garantía e de conformidade co RBEL, os pregos de condicións serán obxecto de información pública con carácter previo a súa aprobación xunto ao proxecto de concesión. A estes efectos, os pregos e o proxecto de concesión publicaranse no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) durante un prazo de 30 días hábiles. Así mesmo, publicarase un anuncio de información pública no BOP onde se determine que os pregos e o proxecto de concesión se expoñen ao público durante 30 días hábiles. Durante ese prazo calquera persoa poderá presentar reclamacións ou suxestións aos pregos de condicións e ao proxecto de concesión, que de existir serán resoltas polo órgano competente con carácter previo á aprobación dos pregos e do proxecto de concesión.

7. OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN.

1. Os pregos e o proxecto de concesión serán publicados no perfil do contratante da sede electrónica do Concello. Poderá publicarse, así mesmo, aquela outra información ou documentación que sexa necesaria ou conveniente. A información relativa á presente concesión poderá ser consultada na seguinte dirección electrónica: https://contrataciondelestado.es.
Así mesmo, poderase consultar a información publicada na seguinte dirección: sede.pontevedra.gal.

2. Para a obtención de información que puidera solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

a. So será obrigatoria a remisión daqueles documentos que non se atopen publicados no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.
b. So será obrigatoria a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou conveniente, para a formulación das ofertas.
c. A petición deberá presentarse cunha antelación mínima de 4 días hábiles á finalización do prazo para presentar ofertas. Enviarase nos 2 días hábiles seguintes.
d. A obtención de copias implicará o abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal. A remisión da documentación por correo será baixo a modalidade de portes debidos.

3. A consulta poderá efectuarse na administración municipal de mercados do concello de pontevedra (Avda de Bos Aires. s/n. Pontevedra,36071 telefono 986851804, e dirección de mail: mercadoabastos@pontevedra.eu)".

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. LUGAR E PRAZO.

Lugar e prazo.- As proposicións para tomar parte neste procedemento presentaranse na Oficina de asistencia en materia de rexistro do Concello de Pontevedra durante o horario de apertura deste (con carácter xeral é de 8,30 a 13,45 horas do 16 de xuño ao 15 de setembro; ou de 8,30 a 14,30 horas o resto do ano), durante os 30 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Así mesmo, publicarase anuncio de licitación no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra durante o prazo para presentar proposicións de participación neste procedemento. Estes pregos estarán a disposición dos interesados no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Tamén poderán presentarse proposicións por correo, se ben neste caso os interesados deberán acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao Concello, por fax ou telegrama, a remisión da proposición. Sen cumprir tales requisitos non serán admitidas as proposicións no caso en que se recibiran no Rexistro Xeral municipal fora do prazo fixado.

En todo caso, transcorridos 10 días naturais desde a terminación do prazo de presentación non serán admitidas ningunha proposición enviada por correo.

Igual advertencia será de aplicación para os casos nos que se faga uso da posibilidade prevista polo art.16.4 da Lei 39/2015, debendo anunciarse de igual modo a súa presentación mediante esta vía, e coas mesmas salvidades expostas.

Unha vez recibidas as proposicións, non poderán ser retiradas salvo causas debidamente xustificadas.

O contido mínimo dos anuncios expresará:

- O obxecto das concesións, con referencia ao prego de condicións.
- O lugar de consulta e modo de acceso a tales pregos.
- Prazo durante o que os interesados poderán presentar as súas proposicións, e o lugar para isto, partindo do presente artigo.
- O lugar, día e hora inicialmente previsto para o primeiro acto público de apertura das ofertas. Especifícase que, non obstante, tal día poderá ser demorado para suposto de presentarse ofertas por correo ou a través das vías sinaladas no art. 16.4 da Lei 39/2015, ou de requirirse aclaracións, complementos ou subsanacións da documentación presentada, polo tempo mínimo indispensable. Neste caso, o día de apertura de proposicións fixarase no perfil de contratante cunha antelación de, cando menos, 2 días ao da súa celebración.

A presentación de calquera outra comunicación ou escrito dirixido ao órgano de contratación, deberá necesariamente efectuarse electrónicamente, co cumprimento dos requisitos sinalados na Lei 39/2015 e a través da sede electrónica municipal: http://sede.pontevedra.gal/, aplicando o procedemento que corresponda.

As persoas interesadas en participar no presente procedemento haberán de presentar a documentación que a continuación se sinala.

9. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. DOCUMENTACIÓN.

As persoas interesadas en participar no presente procedemento haberán de presentar a documentación que a continuación se sinala en DOUS (2) sobres, A e B.

Toda a documentación que se achegue de ser o caso debe presentarse en castelán ou galego.

Sen prexuízo da documentación que debe incluir o licitador en cada sobre, os licitadores deberán presentar os dous sobre pechados coas seguintes características:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

Estarán asinados polo licitador ou pola persoa que represente e conterán a documentación e requisitos esixidos neste prego, debendo constar na parte exterior do sobre o seguinte:

a) O contido do sobre, coa expresión da denominación fixada neste pregos para cada sobre.
b) Os datos de identificación do licitador, co seu nome ou denominación social, o número de documento de identidade ou NIF, o seu enderezo, un número de teléfono, un número de fax e, de haber, un enderezo de correo electrónico.
c) No caso de presentar a proposición unha persoa en representación do licitador, o representante estará axeitadamente identificado no exterior do sobre co seu nome e co número do documento de identidade.

Só deberá presentarse unha proposición e sobre por licitador. O licitador poderá formular na proposición e no sobre oferta por un ou varios postos que son obxecto de concesión. No caso de optar pola concesión de varios postos, deberá indicar as ofertas de canon que ofrece por cada posto polo que opta. Non se admite en ningún caso que se presente máis dunha proposición e sobre para optar por varios postos; en caso de presentar varias proposicións e sobres por un mesmo licitador, este será excluído do procedemento de licitación.

A documentación de cada un dos sobres será a seguinte:

A. Sobre A, denominado "Declaración responsable e documentación xeral na poxa para a concesión de postos da planta baixa do mercado municipal da rúa Serra (Pontevedra)".

1. Incluirá unha declaración responsable do seguinte teor, ou cando menos contendo os extremos que nela se contemplan:

"D/Dona……..……, con DNI nº…… ou pasaporte nº....., en nome propio (ou en representación....., e con enderezo a efectos de notificacións..... informado do procedemento de aberto en réxime de poxa para a concesión de postos da planta baixa do mercado municipal da rúa Serra (Pontevedra), segundo anuncio publicado na sede electrónica do Concello de Pontevedra, e tendo coñecemento dos pregos de condicións que rexen estas concesións, manifesto que, reunindo todos os requisitos e condicións para poder ser beneficiario destas concesións, acepto plenamente e de maneira incondicionada os pregos de condicións e cantas obrigas derivan del e formulo a seguinte solicitude que inclúe a declaración responsable do cumprimento dos requisitos para participar neste procedemento:

- Declaro baixo a miña responsabilidade que eu ou, no seu caso a entidade que represento:
  a. Cumpro cos requisitos establecidos neste prego para participar neste procedemento e ser beneficiario da concesión para os postos para os que formulo oferta así como para exercer as actividades dos postos, cumpro coas condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos que se poden vender no posto ou postos aos que optarei, estou en posesión da documentación que así o acredita a partir do inicio da actividade e comprométome a facilitala cando sexa requirido polo Concello de Pontevedra e a manter o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da concreta actividade ou actividades no posto ou postos, que no seu caso, se me outorguen en concesión. Así mesmo, declaro expresamente que coñezo as normas ás que debe axustarse as actividades que pretendo exercer no posto ou postos para os que solicito concesión e comprométome a observalas.
  b. Estou dado de alta no imposto sobre actividades económicas correspondentes ás actividades que vou desenvolver nos postos que solicito (debendo abranguer, dentro do seu ámbito, como mínimo o territorial do Concello de Pontevedra) e así mesmo, estou ao corrente, de ser o caso, no pagamento do citado imposto.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

c. Que eu e no seu caso, a entidade que represento, e de ser o caso, os administradores ou órganos de dirección, non estou incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no artigo 71 da LCSP.
d. Que estou ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
e. Que cumpro cos criterios de solvencia fixados nos pregos.

- (opcional, marcar cunha X se se presta autorización) Así mesmo autorizo e presto o consentimento para que o Concello de Pontevedra poida solicitar de cantas Administracións ou entidades sexan competentes a documentación que sexa necesaria para verificar a situación de estar ao corrente das obrigas tributarias e ao corrente no cumprimento das obrigas da Seguridade Social, incluíndo a alta no réxime correspondente da Seguridade Social e de estar ao corrente no pagamento nas cotizacións da Seguridade Social (.....)

- (opcional, marcar cunha X se se presta autorización) Así mesmo autorizo e presto o consentimento para que o Concello de Pontevedra poida solicitar e obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou entidade pública competente a documentación acreditativa de que estou de alta no imposto sobre actividades económicas e ao corrente no pagamento do mesmo ou no seu caso, no censo de obrigados tributarios (.....)

- Solicito que se me outorgue a concesión para os postos seguintes pola seguinte orde:

1. Bancada número …….	1. Caseta número ….
2. Bancada número…….	2. Caseta número ….
3. Bancada número….	3. Caseta número ….
4. Bancada número….	4. Caseta número ….
5. (…)	5. (…)

Lugar, data e sinatura. “

Toda a documentación sinalada na declaración responsable deberá estar en posesión do licitador e deberá ser presentada sempre que lle sexa requirida polo Concello no prazo que este sinale. En caso de que non se atenda ao requirimento adecuadamente no prazo que sinale o Concello o licitador será excluído deste procedemento de adxudicación.

2. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe, así como a inadecuación ou insuficiencia dos mesmos para acreditar os extremos requiridos en atención ao obxecto e características das concesións, ou a súa falta de achega sen máis no momento do seu requirimento, motivará a desestimación da oferta presentada e o requirimento da documentación á seguinte máis vantaxosa. Isto sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas as que houbese lugar.

B. Sobre B, denominado “Proposta económica na poxa para a concesión de postos da planta baixa do mercado municipal da rúa Serra (Pontevedra)”.

O canon proposto en todo caso haberá de superar o mínimo precisado no art. 3.1 dos pregos, so pena de rexeitamento da oferta.
Neste sobre incluirase a proposición económica (canon ofertado a 25 anos) que se axustará ao seguinte modelo (o modelo pode alterarse sempre que respecte os elementos esencias do mesmo e se poida considerar que é equivalente):

“D/Dona……., con DNI nº……. ou pasaporte nº....., en nome propio (ou en representación....., e con enderezo a efectos de notificacións..... informado do procedemento de poxa para a concesión de postos da planta baixa do mercado municipal da rúa Serra (Pontevedra)”, segundo anuncio publicado na sede electrónica do Concello de Pontevedra, e tendo coñecemento dos pregos de condicións

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

que rexen estas concesións, manifesto que reunindo todos os requisitos e condicións para ser adxudicatario destas concesións, acepto plenamente e de maneira incondicionada os pregos de condicións e cantas obrigas derivan del e formula a seguinte proposta de canon pola concesión dos postos a 25 anos que a continuación se indican (os postos deben indicarse por orde de preferencia):

1. Pola concesión da □ bancada/□ caseta número..... oferto un canon a 25 anos de.....euros (letra e número).
2. Pola concesión da □ bancada/□ caseta número..... oferto un canon a 25 anos de.....euros (letra e número).
3. Pola concesión da □ bancada/□ caseta número..... oferto un canon a 25 anos de.....euros (letra e número).
4. Pola concesión da □ bancada/□ caseta número..... .oferto un canon a 25 anos de.....euros (letra e número).
5. (...).

Deberanse indicar todos os postos para os que se formula a oferta económica e o canon a 25 anos que se ofrece por cada un deles. Cando se solicite un lote, que inclúa dous ou tres postos, debe indicarse de xeito individualizado o canon por cada un dos postos que o integran e este canon deberá ser igual para todos os postos do lote.

Debe lembrarse que os canons a ofertar deben respectar os mínimos fixados nos pregos.

10. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

ÚNICO. Mellora do canon establecido como mínimo nestes pregos. A determinación da puntuación a outorgar en cada oferta efectuarase por regra de proporcionalidade matemática (regra de tres directa).
Non se valorarán criterios distintos ao sinalado.

Aplicarase o disposto no artigo 25.3 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, polo que terán dereito de tanteo os concesionarios con autorizacións provisionais (postos en color vermello) e os usuarios dos postos lindantes co posto obxecto de licitación, sempre que teñan menos de 3 casetas ou 9 bancadas, e ata ese límite.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis ofertas empaten na maior puntuación, esta se resolverá mediante a aplicación dos criterios sociais fixados no artigo 147 da LCSP referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas pola orde que se sinala a continuación:

1. Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal da empresa, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade no cadro de persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no cadro de persoal.
2. Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal de cada unha das empresas.
3. Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de perso3al de cada unha das empresas.
4. O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non permitise desempatar. O sorteo realizarase no día e hora que se indique no perfil do contratante do Concello no que participará a Xefa do Servizo de Educación e Promoción Económica, dando fe o Secretario da Administración Municipal.

A efectos da aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditalos dentro da documentación do sobre A da súa proposición, mediante a achega, no seu caso, dos correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

Outorgarase a adxudicación dos postos por orde de puntuación tendo en conta as limitacións expostas.

11. MESA DE LICITACIÓN.

1.- Co fin de valorar as proposicións dos interesados, analizar a documentación presentada, decidir sobre a admisión, valorar as ofertas, propor a adxudicación, e demais aspectos que na lexislación contractual administrativa se lle asigna ás Mesas de Contratación, establécese unha Mesa de Licitación, cuxa composición será a seguinte:

- Presidente: A Concelleira Delegada de Promoción Económica, ou persoa na que delegue.
- Vocais:

a) Un concelleiro en representación de cada grupo municipal, a excepción daquel xa representado pola Presidencia.

b) O titular da Asesoría Xurídica da Corporación, quen poderá delegar a súa asistencia, con este carácter, na Secretaría Xeral do Pleno ou na Secretaría da Administración Municipal.

c) A titular do Órgano de Intervención e Fiscalización, quen así mesmo poderá delegar nun funcionario adscrito ao seu servizo.

d) A administradora do Mercado Municipal de Abastos.

e) Un secretario/a con voz e voto, que será a Xefa do Servizo de Educación e Promoción Económica.

2.- A Mesa poderá constituírse válidamente coa asistencia, cando menos, do seu Presidente, Secretario e os vocais en funcións de Asesoría Xurídica e Intervención. Poderá pedir os informes e asesoramentos que estime convenientes.

12. APERTURA, CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Licitación celebrará sesión, non pública, dentro do décimo día hábil seguinte, tal día, non obstante, poderá ser demorado para o suposto de presentarse ofertas por correo ou a través das vías sinaladas no art.16.4 da Lei 39/2015, ou requirirse aclaracións, complementos ou subsanacións da documentación presentada, polo tempo mínimo indispensable. Neste caso, o día de apertura de proposicións fixarase no perfil de contratante cunha antelación de, cando menos, 2 días antes.
A mesa procederá a cualificación previa da documentación xeral do sobre A para verificar que se reúnen os requisitos para participar neste procedemento e que se presentou toda a documentación conforme a estes pregos.

De observarse defectos ou omisións emendables na documentación presentada, ou requirirse a achega de documentación complementaria, ditarase resolución da concelleira de Promoción Económica, Turismo e Universidade requirindo a súa emenda ou achega, concedéndolles a tales efectos un prazo de 3 días hábiles.

Estes requirimentos publicaranse unicamente no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) e a partir da súa publicación contará o prazo de cumprimentación do requirimento. Poderanse efectuar requirimentos verbais.

Cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións, ou achegada a documentación complementaria, a concelleira Promoción Económica, Turismo e Universidade procederá a declarar as proposicións admitidas e as rexeitadas con expresión das causas de tal rexeitamento.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

Posteriormente, procederase pola Mesa de Licitación a apertura dos sobres B, en acto non público, procedéndose a valorar as ofertas económicas contidas neste sobre de acordo co criterio fixado no prego.

As proposicións afectadas por calquera das causas precisadas no artigo 84 do Real decreto 1098/2001, serán rexeitadas motivadamente. Así mesmo, serán rexeitadas motivadamente todas aquelas ofertas que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, diminúan o canon mínimo de partida, comporten erro manifesto ou contradigan esixencias esenciais do prego ou incorran en falsidade, inexactitude e ocultación dos datos ou declaracións presentadas que revistan un carácter esencial.

Unha vez valoradas as ofertas formuladas de acordo cos criterios fixados neste prego, e no caso de producirse empates, resoltos estes de conformidade cos criterios establecidos neste prego, formularase proposta de outorgamento de concesións de cada un dos postos aos ofertantes que obteñan maior puntuación en cada un deles, aplicando sobre cada solicitante a limitación de 3 casetas ou de 10 bancadas nos termos indicados no artigo 4 deste prego. Nesa proposta debe determinarse por orde decrecente a puntuación obtida por cada ofertante respecto de cada posto.

Esta proposta non outorgará ningún dereito a favor dos adxudicatarios propostos e será aprobada pola concelleira de Promoción Económica, Turismo e Universidade.

Co resto de licitadores que non obteñan os postos solicitados e sempre que non superen as 3 casetas ou as 10 bancadas dos que poidan ser titulares (incluíndo as casetas e bancadas das que sexan titulares e as que solicitaron para este procedemento e se propuxeron como adxudicatarios) e tendo en conta a limitación, crearase unha lista de reserva de posibles beneficiarios por posto, na que figuraran estes por orde de puntuación obtida en relación a ese posto. No caso de que se exclúa a algún licitador proposto, ofrecerase a adxudicación do posto os seguintes que figuren na lista, por orde de puntuación.

A concelleira de Promoción Económica, Turismo e Universidade queda facultada para solicitar todos os informes e obter todas as informacións que considere convenientes ou/e necesarios para o correcto outorgamento das autorizacións.

CAP. III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

13. DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR POLAS PERSOAS PROPOSTAS PARA A ADXUDICACIÓN.

A concelleira de Promoción Económica, Turismo e Universidade requirirá por medios electrónicos aos solicitantes que figuran na proposta de outorgamento das concesións para que no prazo de 10 días hábiles presenten a documentación que de seguido se relacionada, a cal deberá estar numerada e en folla independente deberá indicarse o contido da documentación que se achega con indicación dos folios aos que corresponde. A documentación a achegar é a seguinte:

1) Acreditativa da personalidade dos solicitantes e a representación, no seu caso, do asinante das proposicións:

- No caso de persoas físicas, deberá achegarse.

a) Fotocopia do DNI e da tarxeta do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte.

b) Poder debidamente bastanteado cando a persoa licitadora non actuase en nome propio.

Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados pola Asesoría Xurídica da Corporación, avogado do Estado ou asesorías doutras administracións públicas, ou avogado en exercicio, debendo neste caso xustificar a súa colexiación.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición se esixa polo Regulamento do Rexistro Mercantil e, en concreto, cando conteña unha delegación permanente de facultades.

O feito de achegar a mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ao representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato ou contratos en cuestión.

A presentación do poder ou da dilixencia de bastanteo do mesmo suporá, aos efectos do art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non ter sido revogado en data posterior.

- No caso de persoas xurídicas, deberá achegarse:

a) Escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Engadirase, asemade, copia das escrituras ou documentos de modificación dos anteriores.

b) Fotocopia do DNI do seu representante, asinante da proposición e demais documentación.

c) Fotocopia do NIF da persoa xurídica, para o caso de non determinarse na escritura.

d) Poder debidamente bastanteado. No relativo a bastanteo de poderes deberá estarse o disposto para as persoas físicas en relación ao bastanteo de poderes.

Para acreditar a capacidade de obrar dos solicitantes estranxeiros, no caso de que sexan empresas ou empresarios de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase de conformidade co previsto nos artigos 67 e 84.2 da LCSP e 9 do RD 1098/2001. En consecuencia, deberán acreditar a inscrición nos rexistros ou a presentación das certificacións que se especifican no Anexo I do RD 1098/2001. As demais empresas ou empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar de acordo co que se precisa nos arts. 84.2 da LCSP e 10 do RD 1098/2001. Estas empresas deberán engadir, asemade, o informe de reciprocidade que refire o art. 68 da LCSP.

2) Garantía definitiva.

Xustificación da constitución da Tesourería municipal dunha garantía equivalente ao 3% sobre o valor do dominio público ocupado.

A garantía constituirase en calquera das formas admitidas no art. 108 da lei de Contratos do Sector Público (excepto retención no prezo), debendo axustarse e cumprir as condición esixidas nos arts. 55 a 58 do RD 1098/01, incluídos os anexos a que se refiren tales preceptos. O Concello poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que se atopen en situación de mora fronte ao mesmo, como consecuencia do impago de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveran impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituir o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poda alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro fora rexeitado pola Administración.

As garantías responderán do axeitado cumprimento das obrigas correspondentes aos concesionarios, segundo estes pregos e o Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, así como das sancións que puideran imporse segundo este último. Isto sen prexuízo da exixencia das cantidades que, resultantes do anterior, non puideran ser satisfeitas con cargo a tal garantía, que poderán ser obtidas pola vía administrativa de constrinximento.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

A diminución das garantías por estes motivos motivará o seu restablecemento, no prazo dun mes, ata acadar o seu importe inicial.

3) Xustificación do cumprimento das obrigas tributarias, laborais e de Seguridade Social.

- No caso de que non se prestase na solicitude autorización ao Concello de Pontevedra para verificar que esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, deberase achegar certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria. O Concello de Pontevedra verificará en todo caso, de oficio de que os propostos están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Pontevedra.

- No caso de que non se prestase na solicitude autorización ao Concello de Pontevedra para verificar que esta ao corrente no cumprimento das obrigas da Seguridade Social, deberase achegar certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

- En caso de que non se prestase na solicitude autorización ao Concello de Pontevedra para que poida solicitar e obter a documentación acreditativa de que o solicitante esta de alta no imposto sobre actividades económicas e ao corrente, de ser o caso, no pagamento do mesmo, deberá achegarse a seguinte documentación relativa ao imposto sobre actividades económicas:

- Certificado expedido pola Administración competente de alta no imposto sobre actividades económicas no epígrafe correspondente.
- Certificado que acredite atoparse ao corrente no pagamento da correspondente cota ou cotas ou da exención do pagamento do mesmo.

O solicitante debe estar de alta neste imposto de actividades económicas, no epígrafe correspondente, conforme se sinalou neste prego, alomenos dende o momento en que presente a súa solicitude. No prazo sinalado para atender este requerimento deberá achegar a documentación sinalada anteriormente (Certificado expedido pola Administración competente de alta no imposto sobre actividades económicas no epígrafe correspondente e Certificado que acredite atoparse ao corrente no pagamento da correspondente cota ou cotas ou da exención do pagamento do mesmo).

- No caso de persoas físicas, se ademais do autorizado pretende que exerza a actividade algunha persoa xunto con esta, deberá achegar a designación destas persoas que deberán estar contratadas, cando proceda, polo titular do posto en réxime ou na modalidade que legalmente corresponda.
- No caso de persoas xurídicas deberase indicar a relación de persoas que exerceran a actividade, e presentaranse os TC2 nos que deberán figurar as persoas que exerzan a actividade.

4) Xustificación do pagamento do canon ofertado.

Deberase achegar xustificación do pagamento do canon ofertado correspondente os 25 anos de duración da concesión.

5) Sometemento a xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois.

No caso de solicitantes estranxeiros, deberán achegar declaración de se someter á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir da concesión, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

De non presentarse toda a documentación sinalada no prazo indicado, o solicitante disporá dunha prórroga por igual período para emendar os defectos, considerándoo desistido da súa petición no caso de non levalo a cabo.

No caso de que non se presente a documentación sinalada de forma correcta e adecuada nos prazos indicados ou de esta se deduza que non se cumpren os requisitos para ser beneficiario dunha concesión ou simplemente os beneficiarios non cumpren os requisitos, procederase a excluír a estes do procedemento de adxudicación.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

Os postos non adxudicados por non terse presentado debidamente a documentación polo solicitante que acadou maior puntuación serán obxecto de ofrecemento aos solicitantes que figuren, na situación de reserva na lista de posibles beneficiarios mencionada pola orde que figuren na lista conforme se sinalou anteriormente, e tendo en conta sempre o límite de postos establecido no Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, para que achege a documentación sinalada no apartado B) deste artigo no citado prazo de 10 días hábiles. De seguir existindo vacantes, por exclusión dos novos requiridos, procederase de igual forma a exposta, chamándose os seguintes da lista.

6) Xustificación do cumprimento dos requisitos de solvencia económica ou financieira, técnica e profesional.

A solvencia económica ou financieira, técnica e profesional esixible será a prevista no artigo 4 deste prego e acreditarase conforme se dispón nese precepto.

Unha vez presentada a documentación de forma correcta, procederase a outorgar as concesións.

14. OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN

No prazo de 5 días hábiles desde que se reciba de forma correcta a documentación precisada no apartado anterior, ditarasen os acordos de outorgamento das concesión dos postos.

Os acordos de outorgamento das concesións serán motivados, notificarase aos licitadores mediante a publicación da mesma no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal). Poderase substituír a notificación do acordo no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) pola notificación individual a cada un dos concesionarios.

A resolución outorgando as concesións conterá tódolos pronunciamentos precisos sobre os ofertantes e os beneficiarios das concesións así como sobre a inadmisión ou rexeitamento das proposicións de outorgamento coa debida motivación. Así mesmo, deberá indicar por cada un dos beneficiarios das concesións os seguintes datos: NIF, postos dos que resultan adxudicatarios e os canons anuais a pagar por cada un dos postos.

Esta resolución deberase notificar ao Servizo de Xestión Tributaria e outros ingresos de dereito público.

As concesións dos postos recollerán as seguintes condicións:

1. O posto que é obxecto desta concesión destinarase exclusivamente as finalidades previstas conforme se dispón no artigo 1 do prego de condicións que rexen estas concesións.
2. O réxime económico ao que se suxeita a concesións é ao pagamento polo concesionario do canon ofertado por este e as taxas recollidas en cada momento na ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación de servizos e mais pola utilización privativa ou aproveitamento especial nos mercados municipais nos termos establecidos nela, así como os tributos e demais gastos que deberán facerse nos termos fixados no prego de condicións que rexe esta concesión.
3. O concesionario asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar os bens obxecto de concesión segundo a súa natureza e entregar, á extinción da concesión, os terreos municipais ocupados en perfecto estado de conservación e uso nos termos fixados no prego de condicións que rexe esta concesión.
4. O concesionario asumirá o compromiso da previa obtención, a súa custa, de cantas licenzas e permisos requiran o uso dos bens e as actividades a realizar sobre o posto autorizado.
5. As responsabilidades derivadas da ocupación dos terreos municipais serán asumidas integramente polo concesionario.
6. O Concello de Pontevedra poderá, en calquera momento, inspeccionar os terreos municipais obxecto da concesión e instalacións para garantir que os mesmos son empregados de acordo cos termos da concesión.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

7. As concesións obxecto deste prego outorgaranse por un prazo de 25 anos.
8. As transmisión da concesión só se pode facer nos termos fixados no artigo 26 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos.
9. As causas de extinción da concesión son as previstas no artigo 23 do prego de condicións destas concesións demaniais.
10. A presente concesión rexerase polo disposto no prego de condicións para adxudicar postos da planta baixa do mercado municipal da rúa Serra (Pontevedra) en réxime de poxa aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local en data ....., e no non previsto neste prego será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; LCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da Lei de contratos do sector público, Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril; o Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos; ordenanzas fiscais do Concello de Pontevedra vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

No perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal). publicarase a relación de adxudicatarios de postos.

15. GASTOS A CARGO DOS CONCESIONARIOS.

Serán de conta dos autorizados os seguintes gastos:

1- Os canons ofertados polos autorizados.
2- Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven das concesións.
3- Os gastos de conservación e mantemento do terreos municipais que se van a ocupar e os bens afectos a concesión.
4- Os gastos que requira o desenvolvemento das actividades que se desenvolven nos terreos a ocupar.
5- As taxas recollidas en cada momento na ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación de servizos e mais pola utilización privativa ou aproveitamento especial nos mercados municipais nos termos establecidos nela.
6- Calquera outros que deriven ou se establezan no presente prego ou sexan esixibles de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

16. FORMALIZACIÓN DAS CONCESIÓNS.

1.- O concello requerirá ao adxudicatario para que, non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que reciba a notificación da adxudicación, subscriba el documento administrativo de formalización da concesión, ao que se lle unirá, formando parte dos mesmo, un exemplar do prego de cláusulas.

2.- Conterá, como mínimo:

a) Identificación das partes, Concello e adxudicatario, con referencia á súa competencia e capacidade, respectivamente.

b) Identificación dos asinantes e xustificación da súa representación, no seu caso. A representación municipal ostentarase pola Alcaldía ou Concellería Delegada, de conformidade coas atribucións conferidas pola lexislación local.

c) Identificación do ben ou bens obxecto da concesión, que se fará por referencia a aquel en concreto dos contidos nos pregos de cláusulas.

- Antecedentes da concesión:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

a) Data e órgano de aprobación dos pregos de cláusulas e concesión da licitación do ben.

b) Constancia da aportación da documentación previa, así como constitución da garantía definitiva.

c) Data e órgano de adxudicación da concesión.

- Contido da concesión:

a) Expresión do canon da mesma, segundo a oferta do concesionario.

b) Prazo de duración da concesión.

c) Remisión aos pregos de cláusulas, que se achegan, e que rexen a concesión.

- Conformidade expresa do concesionario co contrato e cos pregos de cláusulas.
- Expresa submisión ao réxime xurídico aplicable segundo as cláusulas finais dos pregos.

3.- De conformidade co art. 93.2 da LPAP (Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas) o devandito documento será título válido para acceder ao Rexistro da Propiedade. Non obstante, formalizarase en escritura pública cando así o solicite a concesionaria, sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

4.- Se por causa imputable á parte adxudicataria non puidera formalizarse o documento dentro do prazo indicado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso, se outorgará, e procederá a indemnización dos danos e perdas ocasionados ao Concello.

Neste suposto, así mesmo, poderá adxudicarse o contrato á seguinte proposta máis vantaxosa, previa acreditación dos extremos sinalados na cláusula 12.

CAP. IV. RÉXIME DA CONCESIÓN. DESENVOLVEMENTO E EXTINCIÓN

17. DURACIÓN.

1.- O prazo de duración das concesións actuais será de 25 anos dende a data da resolución ou acordo de adxudicación.
2.- A parte concesionaria deberá iniciar a explotación do posto ou postos adxudicados nos 15 días naturais posteriores á firma do documento administrativo, salvo causa xustificada.

18. TRANSMISIÓN.

1.- Procederá de conformidade co sinalado no Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, sempre que se manteña a actividade para a que se outorgou a concesión.

2.- En todo caso, o adquirente deberá de aportar a documentación sinalada no art.12 destes pregos.

19. DEREITOS DOS/AS CONCESIONARIOS/AS.

1.- Disporán daqueles previstos polo Regulamento dos Mercados municipais de Abastos (art. 29 e demais aplicables) e pola normativa reguladora do patrimonio das Administracións Públicas e Entidades Locais.

2.- En concreto, poderán transmitir as concesións de acordo co art. 26 e 26 bis do do Regulamento dos mercados municipais de Abastos, da LPAP e cos requisitos e límites sinalados nos presentes pregos; así como proceder a súa hipoteca, nos termos do apartado 2º do devandito precepto.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

20. OBRIGAS DOS/AS CONCESIONARIOS/AS.

Ademais de axustarse no uso e explotación dos bens ás normas, deberes, obrigas, limitacións e prohibicións recollidas no Regulamento dos Mercados municipais de Abastos, deberán adaptarse ás específicas normativas aplicables para cada actividade.

Así mesmo, os concesionarios están obrigados

- A aboar o importe dos danos e perdas que se causaren aos bens polo uso ou servizo a que estivesen destinados os bens obxecto de concesión.
- A manter en bo estado as porcións do dominio público obxecto de concesión e, no seu caso, das obras que construíran.
- A abandonar e deixar libres e vacuos, a disposición do Concello de Pontevedra, dentro de prazo, dos bens obxecto de concesión.

21. OBRIGAS E POTESTADES MUNICIPAIS. MODIFICACIÓNS.

1.- Establécense nos arts. 31 e 32 do Regulamento dos Mercados municipais de Abastos. O Concello disporá da facultade de inspeccionar os postos, podendo acceder ao seu interior, co fin de comprobar o estado dos bens e o correcto desenvolvemento da concesión. A negativa a permitir estas inspeccións por parte dos/as concesionarios/as considerarase como infracción moi grave.

2.- Así mesmo, o Concello disporá das potestades que lle recoñece a normativa básica ou plena reguladora do patrimonio das Administracións Públicas e dos bens locais e, en concreto, a facultade da Corporación de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificaren circunstancias sobrevidas de interese público, mediante resarcimento dos danos que se causaren, ou sin él cando non procediere (art. 80.10ª do RBEL, Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por RD 1372/1986) e a potestade para acordar e executar por si o lanzamento (art. 80.13ª do mesmo Regulamento).

3.- Finalmente, e dado o carácter público desta concesión, o Concello detenta a potestade de interpretación unilateral dos termos da concesión, modificalos por razóns de interese público, resolución e determinación dos efectos desta, de conformidade co disposto na lexislación patrimonial das Administracións públicas e, supletoriamente, na lexislación contractual administrativa.

22. CONDICIÓNS, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DOS POSTOS. OBRAS

1.- Os/as concesionarios/as deberán manter en bo estado o posto ou postos que se lle outorgaren, e as instalación comúns dos mercados, así como as instalacións ou melloras que, no seu caso, executasen.

2.- O réxime das obras, instalacións, condicións, mantemento e conservación establécese no Regulamento dos Mercados municipais de Abastos, sendo de aplicación o art. 101 da LPAP.

23. RÉXIME SANCIONADOR.

1.- As infraccións que cometan os autorizados, clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo coa tipificación seguinte:

A. Infraccións leves. Terán a cualificación de infraccións leves:

1. As sinaladas no artigo 38 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos.

B. Infracións graves. Terán a cualificación de infraccións graves:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

2. As sinaladas no artigo 39 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos.

C. Infracións moi graves. Terán a calificación de infraccións moi graves:

3. As sinaladas no artigo 40 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos.

2.- As sancións serán as previstas no art. 41 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, así como as do art. 141 da Lei 7/1985 pola comisión das infraccións que recolle o seu art. 140.1.

Tramitaranse os precedementos aos que alude o art. 42 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos segundo a natureza exposta da infracción.

24. EXTINCIÓN

1.- Poderá proceder polas causas establecidas nos arts. 100 da LPAP e 27 do Regulamento dos Mercados municipais de Abastos e, así mesmo:

- Pola non reposición da garantía definitiva no prazo sinalado no art. 12.2) destes pregos cando con cargo a ela se fixeran efectivas responsabilidades ou sancións.

- Polo no comezo da actividade no prazo sinalado no art. 16 destes pregos.

- Pola comisión dunha infracción cualificada como moi grave (art. 41.2 Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos).

2.- No cálculo das indemnizacións procedentes por rescate anticipado, considerarase o sinalados no art. 101.3 e 4 da LPAP.

3.- Nos 10 días anteriores á extinción da concesión procederase a un exame previo polo persoal municipal para comprobar o estado dos postos, determinar as instalacións que puideran ser retiradas conforme ao art. 21 do Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos, e demais extremos en orde a establecer a procedencia, ou non, de responsabilidades e a devolución, no seu caso, da garantía definitiva.

4.- Sendo favorable o informe anterior, procederase á referida cancelación e devolución da garantía definitiva.

5.- Independentemente do anterior, o Concello poderá optar pola novación modificativa das concesións outorgadas, de tal forma que non fora preciso o seu rescate, ou finalización anticipada. Nestes supostos non existirá dereito a indemnización.

CAP. V. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

25. RÉXIME XURÍDICO.

1.- O obxecto do presente prego é a adxudicación dunha concesión demanial das previstas no art. 78.1.a) do RBEL e no art. 93 da LPAP.

Xa que logo, rexerase en primeiro lugar pola lexislación do patrimonio das Administracións Públicas que teña o carácter de plena ou básica (preceptos correspondentes da LPAP e do RD 1373/2009); a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que atinxe ao réxime de competencias dos órganos

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT

municipais; a continuación, pola lexislación básica local (Lei 7/1985 e preceptos que teñan tal carácter do TRRL); a Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia; de seguido, o RBEL; o Regulamento dos Mercados Municipais de Abastos e os presentes pregos de cláusulas.

Acudirase supletoriamente aos restantes preceptos da LPAP e do RD 1373/2009, na medida en que podan aplicarse a Administracións distintas da estatal, e consideraranse os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, para solventar as dúbidas e lagoas que se puideran presentar (segundo o seu art. 4).

A lexislación contractual administrativa aplicarase sempre con carácter supletorio de toda a normativa anterior e do disposto nestes pregos, e sempre que non a contradiga e sexa compatible coa natureza da concesión. Finalmente, acudirase ao Código Civil.

2.- O desenvolvemento da actividade en concreto adaptarase á normativa técnica e sectorial de aplicación.

3.- En todo caso, as concesións outórganse salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

4.- Os concesionarios sométense expresamente á devandita normativa.

26. XURISDICCIÓN COMPETENTE.


1.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a licitación, adxudicación, formalización, interpretación, modificación, extinción e efectos das concesións serán resoltas polos órganos competente para o seu outorgamento; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a teor da lei de dita xurisdición. Non obstante, os/as interesados/as poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- A todos os efectos, incluídos os procesuais, entenderase que o lugar de celebración do contrato é a cidade de Pontevedra.

ANEXO I

PLANO DA PLANTA BAIXA DO MERCADO IDENTIFICANDO NÚMERO DE POSTOS E SUPERFICIE.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT



Asinado por: ENCARNA DAPENA LOSADA
Servizo: EDUCACIÓN E PROMOCIÓN ECONÓMICA
Cargo: XEFA DE SERVIZO
Data: 01/10/2020
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:A856ZO3DYDBRP9XT